



COMO ESCRIBIR E CORRIXIR REDACCIÓNS

Antes de escribir:

- Deixa marxes a ambos os lados
- Usa un folio en branco
- Coida a caligrafía e a presentación
- Fai un esquema previo (recorda que deberás incluír unha introdución, desenvolvemento e conclusión)
- Non fagas oracións moi breves nin moi longas (máximo 30 palabras)
- Recorda que debes usar nexos



Ao rematar a redacción

- Revisa a puntuación: necesitas engadir algún punto ou algunha coma?
- Revisa a ortografía



X X X X X X

Como corrixir o teu texto




- O** Tes algunha falta de ortografía (revisa os acentos, b/v, h etc.)
- P** Hai algún erro cos signos de puntuación: falta algún, sobra algún ou hai algún que non está ben utilizado
- C** Tes que introducir algún conector/nexo para unir ideas
- G** Erro gramatical (mal uso do pronome, xénero incorrecto, contraccións, comparativas, determinantes, artigo co posesivo, conxugación dun verbo etc.)
- L** Erro de léxico (castelanismo ou palabra incorrecta)
- T** Algún tempo verbal está mal utilizado (se empezaches en presente, continúa en presente; se empezaches en pasado, sigue en pasado etc.)
- S** Usa algún sinónimo (repites unha palabra ou expresión)
- Conc** Falta de concordancia entre suxeito e verbo (p. ex.: suxeito singular e verbo plural)

R Reescribe o fragmento sinalado, xa que non se entende (seguramente falte algún signo de puntuación, algún conector ou estea mal expresado)

Rex Rexistro non adecuado (empregas algún elemento informal nun texto formal).

Verme (ondas debaixo dunha palabra ou fragmento): non está mal, pero de seguro que atopas unha forma mellor de expresalo



COMENTARIO CRÍTICO

isto tería que ir seguido na liña anterior (non é un novo parágrafo)
→ abunda = chega; é suficiente

A nosa sociedade, a cal abunda? numerosos temas tabú, loita contra o problema que implica un deles. → cal? Se máis explicito
Este texto mostrándonos as taxas de mortes por suicidio na nosa comunidade e as solucións que poderíamos aplicar, aínda que, moitas veces é complicado encontrar unha solución a tempo.

P1
P1/C1
G1/L1
Por unha banda todo o tema relacionado coa saúde mental segue sendo un tema tabú hoxe en día, aínda que na actualidade estes feitos danse nun gran porcento da poboación, segue a ser algo complicado de contar.

G1
P1/G1
En segundo lugar, relacionado co palado ata agora, deberíase normalizar dunha vez por todas o palao da saúde mental se queremos que diminuya o nivel da poboación con algunha enfermidade mental e que non recibe axuda nin tratamento, conseguindo así que a taxa de suicidios tanto na nosa comunidade, como noutras, sea moito menor ao actual. } (R) → quen?

P1/G1
Por outra banda, o interese do MGSN é un exemplo a seguir, realmente todos esos suicidios podense evitar a tempo. O MGSN destaca que hai cantidades de investigacións e axudas para previr estes casos, pero a cuestión principal é o tabú e a desinformación sobre este tema.

Para concluír, os inconvenientes para arranxar este dilema é o tabú que ten a fala sobre a saúde mental.

A nivel de ideas, inclúe argumentos interesantes, pero intenta mellorar o que che fan marcando (expresión, cohesión etc.)

- * CONSTR. TEXT. → 2,75 / 4
- * ADECUACIÓN → 2,75 / 3
- * CORRECCIÓN → 1,8 / 3

7,3

B B A nosa sociedade, a cal está chea de numerosos temas tabú, loita contra o problema que implica un deles, a saúde mental. Este texto mostranos as taxas de mortalidade por suicidio na nosa comunidade e as solucións que poderíamos aplicar, aínda que, moitas veces é complexo encontrar unha solución a tempo.

B B B Por unha banda, todo o tema relacionado coa saúde mental segue sendo a día de hoxe un tema tabú. Aínda que, na actualidade estes feitos ~~danse~~ se dan nunha gran porcentaxe da poboación, segue a ser algo complicado de contar. En segundo lugar, relacionado coa información achegada ata agora, debería normalizarse o falar da saúde mental se queremos que ~~diminúa~~ o nivel da poboación con algunha enfermidade mental, e quen padeza ~~da~~ algunha poder recibir axuda de expertos, conseguindo así que a taxa de suicidios tanto na nosa comunidade, como ~~en~~ outras, sexa moito menor do actual. (B)

B Por outra banda, o interese do MGSN é un exemplo a seguir, realmente todos eses suicidios se poden evitar a tempo. O MGSN destaca que hai cantidades de investigacións e axudas para previr estes casos, pero a cuestión principal é o tabú e a desinformación sobre este tema.

B Para concluir, os inconvenientes para arranzar este dilema é o tabú que ten todo o relacionado coa saúde mental.

MB